

ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 3. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á SUBSANACIÓN, VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS E FORMULACIÓN PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).

REUNIÓN DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN

Día: 17/04/2023	Hora: 10:31	Lugar: Oficina do Servizo de Contratación
Presidente:		D. Samuel Lago Ozón.
Secretaria da Unidade:		D ^a Mar Mondragón Treviño.
Secretario municipal:		D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor.
Interventora municipal:		D ^a Paula Otero Cacabelos.
Asesora. Arquitecta técnica municipal:		D ^a Sonia María Fernández Dopazo.
ASUNTO: Dar conta do informe técnico relativo á subsanación, valoración de ofertas económicas e formulación de proposta de adxudicación, se procede, das obras de “SEPARATA LOTE – 2 MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).		

DATOS DO CONTRATO:

Expte. Deputación: 2021015785	Expte. Subv.: 16/2021	Expte. Actuación contratos: 1434/2021	preparatorias	Expte. Contratación: 4945/2022
Tipo de contrato: OBRAS				
Obxecto do contrato: SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro PC2021 (2021015785)				
Procedemento de contratación: Aberto simplificado abreviado.		Tramitación: Ordinaria.		Duración: 1 mes
Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado.				
Prezo estimado: 57.104,11 €		IVE: 11.991,86 €	Orzamento base de licitación: 69.095,97 €	
Aplicación	Proxecto de gasto	Retención n.º operación	Importe retido	
1532.61907	2022/0011	2023/EP/000851	161.775,21 € dos que 69.095,97 € se corresponden co Lote 2	

1.- ANTECEDENTES.

Seguidamente *transcríbese parcialmente* a parte expositiva e resolutiva da **Acta da Unidade Técnica de Contratación nº 2**, da sesión celebrada o día **31/03/2023**, na que se di:

1. REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN.

Nº	Empresa	En proxecto 1 mes (30 días)	Prazo ofertado	Oferta con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 11 PCAP)
1	COVSA		1 mes	--



ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 3. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á SUBSANACIÓN, VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS E FORMULACIÓN PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).

2	ENRIQUE C.CASAS, S.L.	15 ^ª días naturais	NON
3	GALSUR, S.L.U.	15 días naturais	NON
4	MARCONSA, S.L.	15 días naturais	NON

MEDIA PRAZO	15,00
1/3 MEDIA	5,00

Non se valora este criterio de redución do prazo de execución para a oferta Nº1 COVSA, segundo acta nº 1 da Unidade Técnica de Contratación, polo que non se ten en conta para o cálculo do prazo de execución.

(*1) A oferta nº2 de ENRIQUE C.CASAS, S.L. declara no anexo II un prazo de execución de 15 días naturais, se ben no diagrama de Gantt e no gráfico Pert o prazo indicado é de 12 días naturais. Dase traslado á Unidade Técnica de Contratación desta puntualización para que adopte a decisión que considere oportuna.

Tendo en conta os criterios establecidos no PCAP (Cláusula 11) as ofertas valorables (ofertas identificadas con nº 2, 3 e 4) non presentan un prazo de execución inferior a 1/3 da media dos prazos ofertados polos concorrentes...”

2.- RESULTADO DA PRÁCTICA DO REQUIRIMENTO EFECTUADO Á EMPRESA “E.C. CASAS, S.L.”.

Práctica do requirimento	Recepción notificación	Fin prazo 3 días hábiles	Entrada documentación
2023-S-RE-1032 31/03/2023	Comparecencia en Sede electrónica 03/04/2023	10/04/2023	2023-E-RE-1005 03/04/2023

3.- DAR CONTA DO INFORME DA TÉCNICA MUNICIPAL A DOCUMENTACIÓN DE SUBSANACIÓN APORTADA POLA EMPRESA “E. C. CASAS, S.L.”.

Seguidamente transcríbese o informe emitido pola técnica municipal, á documentación de subsanación presentada pola empresa “E. C. CASAS, S.L.”:

“...1.- ANTECEDENTES

A técnica que subscribe este informe, emitiu informe-valoración das ofertas presentadas ao procedemento de licitación das obras con data 31/03/2023.

O devandito informe incluía o desenrolo dos seguintes apartados:

1.- RESULTADO DA APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS SEGUNDO A ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN.

2.- CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

2.1 - Criterios para a adxudicación do contrato establecidos no PCAP (Cláusula 13)

2.2- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados establecidos no PCAP (Cláusula 15).

3.- ANÁLISIS DA DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

PREZO.

REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN.

MELLORAS.

4.- CONCLUSIÓNS

No apartado 3b) do Informe-valoración emitido, especificouse que a oferta nº2 de ENRIQUE C.CASAS, S.L. declara no anexo II un prazo de execución de 15 días naturais, se ben no diagrama de Gantt e no gráfico Pert o prazo indicado é de 12 días naturais. Dáse traslado á Unidade Técnica de Contratación desta puntualización para que adopte a decisión que considere oportuna.



ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 3. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á SUBSANACIÓN, VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS E FORMULACIÓN PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).

A Unidade Técnica de Contratación, reuniuse o 31 de marzo de 2023, para dar conta do informe técnico emitido en data 31/03/2023 ás ofertas presentadas polas empresas participantes no procedemento de licitación referenciado, acordando conceder á empresa “CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.”, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación que se lles practique ao efecto, co obxecto de que presenten subsanación a efectos de adaptación do gráfico de Pert aportado ao prazo de execución ofertado (15 días), no sentido indicado no informe emitido pola técnica municipal.

2.- DOCUMENTACIÓN APORTADA

A empresa ENRIQUE C.CASAS, S.L. aportou documentación en data 03/04/2023 con subsanación solidada en relación coa adaptación dos gráficos Gantt e Pert ao prazo de execución ofertado (15 días naturais)...”

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda aceptar a subsanación presentada pola empresa “E. C. CASAS, S.L.”.

4.- DAR CONTA DO INFORME-VALORACIÓN EMITIDO POLA TÉCNICA MUNICIPAL ÁS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS.

A continuación transcríbese o informe-valoración, emitido pola arquitecta técnica municipal, D^a Sonia María Fernández Dopazo, no que se recolle o seguinte:

“...3- CONCLUSIÓNS- RESULTADO VALORACIÓN

Á vista dos criterios de valoración establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación do procedemento (PCAP) nas cláusulas 10 e 11, a continuación preséntase cadro cos resultados dos cálculos obtidos para cada un dos criterios de adxudicación e a puntuación total.

Nº	Empresa	OFERTA ECONÓMICA				PRAZO EXECUCIÓN			MELLORAS			TOTAL PUNTOS	
		Valor estimado	IVE	Orzamento base		En proxecto		MELLORA 1	MELLORA 2				
		57.104,11	11.991,86	69.095,97		1 mes (30 días)		(Máximo 5 puntos)	(Máximo 3 puntos)				
	Prezo s/IVE	IVE	Prezo c/IVE	Baixa	PUNTOS (Máx. 1 pto)	Prazo ofertado	PUNTOS (Máx. 1 pto)	MELLORA 1	PUNTOS (Máx. 5 pto)	MELLORA 2	PUNTOS (Máx. 3 pto)		
1	COVSA	56.698,66	11.906,72	68.605,38	490,59	0,41	1 mes	0,00	3.259,00 €	5	640,00 €	3	8,41
2	ENRIQUE C.CASAS, S.L.	56.418,86	11.847,96	68.266,82	829,15	0,70	15 días naturais	1,00	3.259,00 €	5	640,00 €	3	9,70
3	GALSUR, S.L.U.	56.247,55	11.811,99	68.059,54	1.036,43	0,87	15 días naturais	1,00	3.259,00 €	5	640,00 €	3	9,87
4	MARCONSA, S.L.	56.121,92	11.785,60	67.907,52	1.188,45	1,00	15 días naturais	1,00	3.259,00 €	5	640,00 €	3	10,00

Non se valorou o criterio de redución de prazo de execución para a oferta Nº1 COVSA, segundo acta nº 1 da Unidade Técnica de Contratación, polo que non se ten en conta para o cálculo do prazo de execución e obtén 0 puntos neste criterio.

Segundo os resultados obtidos, a empresa **MARCONSA, S.L.** acada a maior puntuación, cun total de **10,00 puntos**, polo que o meu informe técnico é favorable á adxudicación da obra á referida empresa.



ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 3. DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á SUBSANACIÓN, VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS E FORMULACIÓN PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).

Do presente informe dáse traslado á Unidade Técnica de Contratación para que á vista deste e en virtude das súas competencias, continúe coa tramitación do expediente ou solicite aclaracións a este informe segundo considere oportuno...”

5.- COMPROBACIÓN DA INSCRIPCIÓN DA EMPRESA PROPOSTA NO REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES

Seguidamente procédese a dar cumprimento ao establecido na Cláusula 14 do Prego na que se di que “... Realizada a proposta de adxudicación, a unidade técnica procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.= A non inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público dará lugar á exclusión do procedemento de licitación. ...”

Á vista da certificación expedida polo Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia da que se desprende que a empresa proposta “**MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)**” atópase inscrita e cumpre cos requisitos anteditos, incorpórase a devandita certificación ao expediente de contratación 4945/2022.

6.- FORMULACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN AO ÓRGANO CONTRATACIÓN.

Á vista de todo o actuado, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Formular proposta de adxudicación do contrato das obras de “**SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS**” (Plan Concellos 2021), a favor da empresa “**MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)**”, CIF B36533537, ao ter obtido a maior puntuación e non atoparse incurso en baixa desproporcionada, polo importe, prazo execución e melloras ofertadas que se reflicte seguidamente:

Empresa	Prezo s/IVE	IVE	Prezo c/IVE	Baixa	Prazo ofertado	Melloras ofertadas
MARCONSA, S.L.	56.121,92	11.785,60	67.907,52	1.188,45	15 días naturais	MELLORA 1: SI MELLORA 2: SI

Segundo. Que, previa á formulación da proposta de adxudicación ao órgano de contratación, se solicite á empresa “**MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)**”, para que aporte ao expediente de contratación 4945/2022, no prazo de **5 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación que se practique ao efecto, a documentación que se indica a continuación:

- ▶ Declaración de medios persoais e materiais que se adscribirán á execución das obras.
- ▶ Certificacións de atoparse ao corrente coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.
- ▶ Certificación da conta bancaria.



**ACTA DA UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN Nº 3. DAR
CONTA DO INFORME TÉCNICO RELATIVO Á SUBSANACIÓN,
VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS E FORMULACIÓN
PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE
“SEPARATA LOTE 2 – MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE
CAMIÑOS EN CAMBADOS” PC2021 (2021015785).**

Terceiro. Que se publique a presente Acta da Unidade Técnica de Contratación na Plataforma de Contratos de Galicia, na páxina Web e se dea traslado a tódalas empresas participantes no procedemento.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión, sendo as dez horas e cincuenta e dous minutos, estendéndose a presente Acta, que asina electronicamente a secretaria da Unidade Técnica de Contratación e o Presidente, no lugar e data indicados no encabezamento.

